

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A S.A.M.I CATEDRAL DE SANTIAGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL "O CAMIÑO DE SANTIAGO E AS PEREGRINACIÓNS" PERÍODO 2025-2027.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I. Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I. Catedral de Santiago, para o axeitado desenvolvemento das actividades da Cátedra institucional do Camiño de Santiago e as peregrinacións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional



ao ámbito da investigación do Camiño de Santiago, clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Por outra banda, a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.

Segundo o Regulamento de Creación e Réxime de Funcionamento de Cátedras Institucionais da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 7 de febreiro de 2020 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, as Cátedras Institucionais son instrumentos específicos de colaboración da USC tanto con empresas como con outras entidades (fundacións, asociacións, centros de investigación, administracións públicas ou calquera outra organización con personalidade xurídica propia) coa finalidade do desenvolvemento e o incremento da oferta de actividades complementarias que contribúan á difusión da cultura, da calidade de vida e ao desenvolvemento sustentable da sociedade.

Así mesmo, a S.A.M.I Catedral de Santiago, meta da peregrinación xacobeá, garda a memoria e conserva as pegadas que os peregrinos foron deixando ao longo da Historia. Legado que adquire a múltiple forma e variedade da produción artística, documental e espiritual/evocativa/significativa que se fai patente na magnificencia dos bens culturais materiais e inmateriais que a configuran. Ademais, e desde as súas orixes, a Catedral procurou a promoción da cultura, o saber e a súa transmisión xunto coa asistencia, acollida e coidado dos peregrinos en todas as súas diversas circunstancias. Igualmente na actualidade segue sendo obxecto de estudo e investigación e suxeito activo e promotor das devanditas actividades a través de publicacións, congresos e outros medios.

**Segundo.-** Por medio de convenio asinado o 19 de agosto do 2016 creouse a Cátedra institucional do Camiño de Santiago e as peregrinacións. O citado convenio foi renovado mediante diferentes acordos subscritos polas Partes, estendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.



**Terceiro.-** A Axencia Turismo de Galicia está interesada en promover a docencia, investigación, desenvolvemento e a innovación do Camiño de Santiago e a peregrinación, polo que desexa colaborar coa USC e coa Catedral de Santiago, no desenvolvemento da Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

Que a través deste convenio, outórgase á Universidade de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,  
Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

